



CIRCULAR 02-2021.

I CONTROL INVERNO FGA PISTA CUBERTA 2021

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1). A Federación Galega de Atletismo organiza o I Control en Pista Cuberta 2021 o día 16 de xaneiro de 2021, na pista cuberta de Ourense en Expourense.

Art.2). Horario Provisional, a falta do peche de inscricións.

I CONTROL INVERNO FGA PISTA CUBERTA 2021				
HORA	CARREIRA	CATEGORÍA	Foso	Peso
16:30	60 mv (1,06)	Sub 20 - Abs H	Triplo Homes	Mulleres A
16:37	60 mv (1,06)	Sub 20 - Abs H		
16:44	60 mv (1,06)	Sub 20 - Abs H		
16:55	60 mv (0,84)	Sub 18 - Abs M		
17:02	60 mv (0,84)	Sub 18 - Abs M		
17:09	60 mv (0,84)	Sub 18 - Abs M		
17:19	60	Sub 16 - Abs H		
17:26	60	Sub 16 - Abs H		Mulleres B
17:33	60	Sub 16 - Abs H	Triplo Mulleres	
17:40	60	Sub 16 - Abs H		
17:47	60	Sub 16 - Abs H		
17:54	60	Sub 16 - Abs H		
18:01	60	Sub 16 - Abs H		
18:08	60	Sub 16 - Abs M		
18:15	60	Sub 16 - Abs M		Mulleres C
18:22	60	Sub 16 - Abs M		
18:29	60	Sub 16 - Abs M		
18:36	60	Sub 16 - Abs M	Lonxitude Homes	
18:43	60	Sub 16 - Abs M		
18:50	60	Sub 16 - Abs M		
18:57	200	Sub 18 - Abs H		
19:04	200	Sub 18 - Abs H		Homes A
19:11	200	Sub 18 - Abs H		
19:18	200	Sub 18 - Abs H		
19:25	200	Sub 18 - Abs H		
19:32	200	Sub 18 - Abs H		
19:39	200	Sub 18 - Abs M	Lonxitude Mulleres	
19:46	200	Sub 18 - Abs M		
19:53	200	Sub 18 - Abs M		Homes B
20:00	200	Sub 18 - Abs M		
20:07	200	Sub 18 - Abs M		
20:14	200	Sub 18 - Abs M		



No caso de ser superado o tope de inscricións, aplicarase o criterio de mellores marcas, conforme ás tempadas 2018–2019 e 2020 na proba específica. Entre aqueles/as atletas inscritos/as sen marca, terán preferencia segundo a orde de inscrición.

Art.3). Cada atleta retirará o seu dorsal na cámara de chamadas. Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas. Sendo imprescindible entregar na retirada a folha de Declaración Responsable.

Art.4). Poderán participar todos/as os/as atletas federados/as que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo, que teñan fichado ó longo da tempada actual (2021) por algún Club pertencente a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertencen a clubs doutras Comunidades Autónomas ó longo da tempada actual (2021)

Art.5). As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA <https://isis.rfea.es/sirfea2/> ata as 20:00 horas do martes 12 de xaneiro. Existirá unha cota de inscrición de 4 Euros por atleta e proba.

Pasado o prazo de 24 horas de publicadas as inscricións, calquera baixa non xustificada levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente. Neste tempo tamén poderán facerse inscricións fora de prazo o que leva unha multa de 3 € por participante ata o xoves 14 de decembro ás 12:00 e sempre coa autorización da (direcciontecnica@atletismo.gal) e a dispoñibilidade de prazas libres.

Art.6). Participación.

Na proba do 200 faranse 6 series en homes e 6 series en mulleres. O reparto das rúas será o seguinte:

Reparto de rúas segundo as marcas						
	Rúa 6	Rúa 5	Rúa 4	Rúa 3	Rúa 2	Rúa 1
1ª serie	1ª e 2ª		13ª e 14ª		25ª	31ª
2ª serie	3ª e 4ª		15ª e 16ª		26ª	32ª
3ª serie	5ª e 6ª		17ª e 18ª		27ª	33ª
4ª serie	7ª e 8ª		19ª e 20ª		28ª	34ª
5ª serie	9ª e 10ª		21ª e 22ª		29ª	35ª
6ª serie	11ª e 12ª		23ª e 24ª		30ª	36ª
	Sorteo		Sorteo			

Nas probas de 60 m.l. e 60 m.v. correrán xuntas as mellores marcas.

Concursos: 4 intentos por atleta.

Aqueles atletas que participen ou estean inscritos no II Control Federado de Marcas "Vila de Noia", non poderán participar neste I Control FGA do 16/01/2021.

Art.7). Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.8). A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no Control a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a e por proba, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.9). O aforo será controlado e limitado. Establecerase para elo a petición de cita previa na páxina web de atletismo.gal, para os/as adestradores/as e delegados/acreditados dos clubs participantes, una vez sexa publicada a relación definitiva de atletas admitidos.

Art.10). Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

Art.11). Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, 9 de xaneiro de 2021

Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo